	así como as que achegan información. 2.08%	información.				INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Proba obxectiva.	
PLE-B5.11	5º-PLEB5.11 - Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e persoa, e usa correctamente os nexos básicos. 2.08%	Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e persoa, e usa correctamente os nexos básicos.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.  INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Proba obxectiva.	CCL
PLE-B5.12	5º-PLEB5.12 - Memoriza rutinas lingüísticas coñecidas para desenvolverse nas interaccións dentro e fóra da aula. 2.08%	Memoriza rutinas lingüísticas coñecidas para desenvolverse nas interaccións dentro e fóra da aula.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CCL CAA
PLE-B5.14	5º-PLEB5.14 - Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións de aula ou fora da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente. 2.08%	Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións de aula ou fora da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.  INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Proba obxectiva.	CCL CAA
PLE-	5º-PLEB5.15 -	Compara aspectos lingüísticos	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións	CCL

## Programación de Lingua Estranxeira-Inglés 2020-2021

B5.15	Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas. 2.08%	e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas				dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Traballo colaborativo.	CAA
PLE-B5.13	5º-PLEB5.16 - Establece similitudes e diferenzas das linguas que hai na aula ou na súa contorna máis próxima. 2.08%	Establece similitudes e diferenzas das linguas que hai na aula ou na súa contorna máis próxima	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CCL CSC
PLE-B5.17	5º-PLEB5.17 - Valorara as linguas como instrumento de comunicación, para aprender a acecarse a outras culturas. 2.08%	Valorara as linguas como instrumento de comunicación, para aprender a acecarse a outras culturas	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CCL CSC

**Aprendizaxes non adquiridas no terceiro trimestre do curso 2019-2020 por mor do confinamento e obxecto de tratamento no curso 2020-2021.****4º Curso:**

**PLEB1.2. Comprende os puntos principais e reconece palabras e expresións coñecidas en textos orais (contos, cancións e conversas) sobre temas familiares ou do seu interese e expresados con claridade e que contén con apoio visual. CCL**

**PLEB1.3. Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que tratan sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet. CCL, CAA**

**PLEB2.1. Participa en situacións reais ou simuladas de comunicación breves e elementais, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles. CCL CSC**

**PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás. CCL**

**PLEB3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. CCL**

**PLEB3.2. Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo acompañado de apoio visual, acorde a súa idade procedente dos medios de comunicación adaptados a súa competencia lingüística. CCL**

**PLEB4.1. Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral. CCL**

**PLEB4.5. Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase. CCL**

**PLEB4.7. Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado. CCL, CD, CSC**

**PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira. CCL, CAA, CSC**

**PLEB5.4. Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe cotiás en distintos contextos. CCL, CSC**

**Contidos:**

**Realización de preguntas e respostas sinxelas en relación a operacións de compravenda.**

**Formulación de preguntas e respostas sobre a vestimenta.**

**Preguntas e respostas sinxelas sobre a cantidade: how much...? how many...?**

**Expresión de desexos**

## 5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A área de Lingua Estranxeira debe introducir ao alumnado na aprendizaxe do inglés centrado na comprensión e produción de textos centrados en contextos familiares para os alumnos desta idade ,aproveitando os coñecementos previamente adquiridos e as capacidades e experiencias que posúe.

Fomentarse un uso da lingua contextualizado en situacións comunicativas propias de diversos ámbitos e que permitan un uso da lingua real e motivador.

Para iso o alumnado coñecerá aos protagonistas das aventuras que se presentan, a partir das cales ofrécense historias, cancións, xogos, ... para que o proceso de aprendizaxe do inglés resulte ameno e divertido.

Se ben neste curso se dará maior importancia á linguaxe oral sobre a linguaxe escrita, non debemos esquecer que o alumnado xa coñece o código escrito e a súa representación gráfica, así como a mecánica da lectoescritura. Isto constitúe unha vantaxe na búsqueda da necesaria integración entre destrezas orais e escritas durante a Educación Primaria.

Para desenrolar a comprensión oral e a comprensión escrita, ten que porse en xogo estratexias que permitan interpretar, valorar e relacionar a información que se transmite na vida cotiá. Deste xeito preténdese propiciar actitudes activas que favorezan o posterior desenrolo da capacidade crítica.

O alumnado toma parte nunha variedade de actividades: audición, interpretación, debuxo, colorear, relacionar, rodear, preguntar e dar información, etc. As actividades tamén teñen como meta a satisfacción das necesidades de todos os tipos de aprendizaxe (visual, auditivo, táctil/cinestésico) e teñen como obxectivo o desenrolo lingüístico do alumnado, “aprendendo a aprender” e as súas habilidades sociais.

Cada unidade consta de nove leccións nas que se traballan os contidos relativos ao vocabulario, estruturas que corresponden ás habilidades de Falar sobre..., escoitar..., e Aprender a... As actividades de cada módulo céntranse na presentación da linguaxe nova, xogos, chats e cancións que engaden un elemento creativo e divertido á clase, diálogos para mellorar pouco a pouco a comprensión oral e familiarizarse co inglés, actividades para todo tipo de alumnado e estilos de aprendizaxe, estratexias de lóxica, Portfolio para empregar a linguaxe nova de maneira personalizada, actividades para fomentar a expresión oral a partir de modelos, test para a consolidación do que aprenderon na unidade.

Tamén teñen a oportunidade de explorar distintos aspectos da vida doutros países, traballar ideas e conceptos doutras áreas, desenrolar valores e fomentar a afinidade coa natureza.

A integración das Competencias e as Intelixencias múltiples na área supón insistir máis nas ferramentas esenciais da aprendizaxe (comprensión e expresión oral) e poñer en práctica estratexias didácticas que consideren as diferentes posibilidades de adquisición do alumnado. Isto se consegue nas actividades competenciais, nas seccións multidisciplinares de cada trimestre e nas celebracións e festividades, nas actividades de investigación.

A través destas actividades e proxectos o alumnado pode desenvolver as súas capacidades en torno á resolución das actividades e organización do traballo, dos contidos e os materiais que se van a empregar, e en relación coa elaboración e presentación do proxecto, a súa corrección e, finalmente a exposición, todo baixo un prisma de colaboración e intercambio entre iguais.

## Programación de Lingua Estranxeira-Inglés 2020-2021

En definitiva, predomina o traballo cooperativo que permite desenvolver a capacidade de discusión, a comunicación, o intercambio de ideas, o respecto e a comprensión das opinións alleas, e a reflexión sobre as ideas propias.

A metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir de secuencias de adquisición de coñecementos que plantexan:

Evocación de coñecementos previos para abordar os novos contidos.

Progresiva e coidada incorporación de novos contidos, a través de exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas para o alumnado que favorecen a súa comprensión. Isto posibilita a transferencia de aprendizaxes á vida cotiá, conectando coa adquisición das Competencias propias da materia.

Exercicios e actividades diversificadas que contemplan Competencias e Intelixencias múltiples: traballo individual e en grupo e actividades que traballan contidos fundamentais. Están secuenciados por niveis de dificultade, abordan diversidade de estilos cognitivos e intelixencias e facilitan a adquisición de Competencias a todo o alumnado.

## 6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

### Materiais

- Ordenador
- Pizarra dixital.
- Flash cards. Posters.
- Caderno do alumno.
- Worksheets
- Reading book.

### Didácticos

- Libro dixital Edixgal.
- Recursos Abalar.
- Biblioteca de aula.

Programación de Lingua Estranxeira-Inglés 2020-2021

---

- Recursos en Internet.
- Consulta de dicionarios dixitais.

Hai unha aula de inglés na primeira planta onde normalmente se imparte a materia de lingua inglesa para 4º, 5º e 6º cursos de Primaria, pero por mor da pandemia o alumnado non se desprazará a ela e quedarán nas súas respectivas aulas de referencia. Todas as aulas están dotadas de PDI, de canón, de pantalla dixital e de ordenador.

Ademais, como en anos anteriores, no segundo trimestre faremos lectura colectiva dun libríño en lingua inglesa.

Dado a excepcionalidade da situación actual, estes son os recursos previstos para os 3 posibles escenarios: **Presencial, semipresencial e non presencial.**

De xeito **presencial**, usaranse materiais audiovisuais en tódalas sesións, tanto para a visualización de vídeos, como para apoio das explicacións e reforzo e práctica dos distintos contidos. Farán práctica escrita nunha libreta específica para a materia que terán permanentemente na aula.

**Non presencial.** Cando se produza algún caso de confinamento por parte do alumnado, tanto preventivo como por recuperación de enfermidade, empregárase Edixgal e a aula virtual, pero mentres non estea en funcionamento a aula virtual, usarase o mesmo sistema levado a cabo durante o estado de alarma: servizo de mensaxería Edixgal e publicaranse contidos do xeito máis lúdico posible no blog respectivo de nivel, e tamén as actividades on line a facer por parte do alumnado. Aparecerán alí tamén as distintas tarefas para imprimir e facer a man. A corrección levarase a cabo a través do correo electrónico: as familias enviarán por este medio as tarefas e a mestra comunicarlles da mesma maneira as correccións ou indicacións pertinentes.

**Semipresencial** é unha mestura das dúas modalidades anteriores que se implantará cando parte do alumnado está acudindo regularmente á aula e a outra parte teña que permanecer nas súas casas.



## 7.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Ver concreción curricular do centro.

## 8.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Ver concreción curricular do centro.

## 9.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Ver concreción curricular do centro. Plan específico de recuperación para alumnado que promocioe con algunha área con cualificación negativa.

No curso 2020-2021 non hai alumnado procedente de 4º curso coa materia pendente.

## 10.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

Nas primeiras semanas do inicio do curso levarase a cabo unha avaliación inicial do alumnado para determinar o seu coñecemento da lingua inglesa de xeito oral e escrito.

Farase a través da observación directa dentro da aula con xogos e actividades lúdicas, representacións orais e tamén mediante probas escritas, fichas con actividades de repaso, algunhas delas dirixidas e outras non, para coñecer o grao de adquisición de contidos e competencias clave que o alumnado adquiriu no curso pasado.

A avaliación contará con actividades de comprensión oral e escrita e de expresión oral e escrita.

Tamén se farán actividades de tipo oral: “pregunta-resposta”.

Os resultados serán o punto de partida do presente curso e indicarán se é preciso reforzar, lembrar ou mesmo volver sobre vocabulario e estruturas non adquiridas do curso anterior.

Unha vez obtidos os resultados da avaliación inicial farase unha reunión co resto do profesorado do curso para tomar as medidas que se levarán a cabo durante o curso.

## 11.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Aplicarase o Plan de atención á diversidade do centro que ten como obxectivo adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades do alumnado de diversa procedencia, idade, sexo, relixión, etnia, medio social, estilos familiares, clase, cultura, capacidade, estilos e ritmos de aprendizaxe,... alumnado con neae – alumnado procedente do estranxeiro, alumnado con necesidades educativas especiais (altas capacidades, espectro autista, DEA, dificultades na expresión oral, atraso na linguaxe ou trastornos na linguaxe, THDA, trastorno de conduta, discapacidade cognitiva, motórica ou sensorial,...), alumnado pertencente a familias con composición diversa,..., **alumnado diverso en aulas con ratio elevada.**

## 12.-CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO.

Traballaremos:

- Comprensión lectora PLEB3.1, PLEB3.2, PLEB3.4, PLB3.5, PLEB3.8 a expresión oral e escrita PLEB2.1, PLEB2.2, PLEB2.4, PLEB2.5, PLEB2.8, PLEB4.1, PLEB4.2, PLEB4.3, PLEB4.6, PLEB4.7, PLEB4.9 PLEB5.8, as TIC PLEB1.1, PLEB1.3, PLEB2.4, PLEB3.2, PLEB4.4, PLEB4.7, a educación cívica PLEB1.4, PLEB1.5, PLEB2.3, PLEB2.6, PLEB2.7, PLEB5.1, PLEB5.2, PLEB5.3, PLEB5.4, PLEB5.16.
- Resolución pacífica de conflitos PLEB1.4, PLEB1.5, PLEB2.3, PLEB2.6, PLEB2.7, PLEB5.2, PLEB5.3, respecto aos dereitos humanos PLEB2.1, PLEB2.7, PLEB3.2, PLEB4.7, PLEB5.1.
- Autonomía, sentido crítico, autocontrol PLEB1.3, PLEB1.5, PLEB2.6, PLEB2.7, PLEB3.4, PLB3.5, PLEB3.6, PLEB3.7, PLEB3.8, PLEB4.6, PLEB4.7, PLEB4.8, PLEB4.9, PLEB4.10, PLEB5.1, PLEB5.2, PLEB5.3, PLEB5.12, PLEB5.14, PLEB5.15.
- Seguridade vial, saúde PLEB1.2, PLEB1.3, PLEB2.2, PLEB3.2, PLB3.6, PLEB4.1, PLEB4.7, PLEB5.1, PLEB5.4, PLEB5.6, PLEB5.7.

### 13.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS .

Neste curso, dada a situación sanitaria da COVID-19, non parece razoable nin aconsellable realizar ningunha actividade complementaria e extraescolar. De mellorar a situación contemplaríamos a actividade de asistir a unha obra de teatro en lingua inglesa como en anos anteriores, respectando as medidas recollidas no Plan de adaptación á crise da covid no centro.

### 14.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Esta programación está feita no inicio do curso e deseñada a priori, como unha declaración de intencións susceptible de ser revisada e modificada nalgún punto ao longo dos meses segundo evolucione o alumnado ou dependendo doutras circunstancias que poidan ir xurdindo.

A avaliación partirá dos coñecementos e será continua e global. Terase en conta o progreso do alumnado a partir da avaliación inicial. Ao longo de cada trimestre faranse varias probas obxectivas, escritas e orais que facilitarán ver o progreso real de cada alumno e alumna dende o inicio de curso.

Analizando os resultados académicos acadados polo alumnado, verase se é preciso volver ou non sobre os contidos, revisar a adecuación da metodoloxía nun determinado grupo ou nivel ou deseñar estratexias para incentivar a motivación do alumnado cara a lingua inglesa e a participación activa nas actividades diarias da aula.

## 15. CONSIDERACIÓNS A TER EN CONTA NA MODALIDADE DE EDUCACIÓN NON PRESENCIAL NO SUPOSTO DE POÑER EN MARCHA O PLAN DE CONTINXENCIA, ANEXO AO PLAN DE ADAPTACIÓN Á CRISE PROVOCADA POLA COVID.

- O profesorado traballará co alumnado a través da aula virtual e os blog de nivel e especialidades. O traballo proporase con metodoloxía integrada ou globalizadora.
- As tarefas propoaraas o profesorado a través da aula virtual ou dos blog educativos, o alumnado utilizará eses medios para a devolución e entrega das mesmas.
- As actividades na aula virtual e blogs de nivel colocaranse coordinadamente entre o profesorado de nivel tendo presente unha adecuada temporalización. Serán actividades o máis globalizadas posible tanto en aula xeral como nos ámbitos. Deseñaranse propostas integradas multinivel entre áreas/materias/ámbitos a partir dunha temática de interese (actualidade, relacionadas cos proxectos, conmemoracións,...), a globalización será a idea prioritaria e promoverase o traballo colaborativo entre o profesorado das distintas áreas/ámbitos e materias. Tentarase que as propostas aparezan dosificadas por días/semanas.
- Combinaranse actividades virtuais e non virtuais: traballos prácticos de experimentación, resolución de problemas, busca de información, xogos, textualizacións, esquemas e resumos, lectura, contestación de preguntas, cuestionario, resolución de operacións, elaboración de vídeo/presentación/fotos/..., exercicios de completar, manexo de..., visionado de vídeos, escoita de información/contos, formulación de preguntas, debuxo, composición... Usaranse actividades con formatos variados: pdf, vídeos, textos de word, imaxe, ...
- O noso alumnado non é autónomo na súa aprendizaxe e precisa de acompañamento, contacto, estratexias didácticas concretas, autocontrol da concentración, interacción cara a cara, ... As accións deseñadas terán en conta as limitacións de recursos do alumnado e das súas familias. Por este motivo non consideramos a opción de realizar videoconferencias con docencia co alumnado, si a posibilidade de usar este medio para a comunicación, aclaracións, comentarios e o mantemento de contactos.
- A avaliación será continua e global, terá en conta as actividades e traballos realizados polo alumnado ademais dos resultados. Os instrumentos de avaliación permitirán determinar o nivel competencial do alumnado en cada área ou materia.

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

## 6º ED PRIMARIA

### Curso 2020/2021

## ÍNDICE PROGRAMACIÓN 6º DE EP:

1.- Introducción e contextualización.....	páx. 3
2.- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolle a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte do perfís competenciales.....	páx. 3
3.- Concreción dos obxectivos para cada curso.....	páx. 9
4.- Concreción para cada estándar: .....	páx. 11
▪ Temporalización	
▪ Grao mínimo de consecución para superar a materia	
▪ Procedementos e instrumentos de avaliación	
▪ Competencias clave de cada estándar	
5.- Concrecións metodolóxicas .....	páx. 24
6.- Materiais e recursos didácticos .....	páx. 25
7.- Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado .....	páx. 26
8.- Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente .....	páx. 27
9.- Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes .....	páx. 27
10.- Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos resultados .....	páx. 27
11.- Medidas de atención á diversidade .....	páx. 28
12.- Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso .....	páx. 28
13.- Actividades complementarias e extraescolares programadas para o curso .....	páx. 29
14.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora .....	páx. 29

## 1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

O alumnado de 6º E. P., cincuenta e un alumnos e alumnas, distribúese en tres grupos: Grupo 6º A con 17 alumnos e alumnas; e Grupo 6º B con 16 alumnos e alumnas; e 6º C con 17 alumnos e alumnas. Este curso, por mor da pandemia as mestras impartirán a materia nas aulas das respectivas titorías para evitar o desprazamento do alumnado ás aulas de inglés. As tres aulas están situadas na primeira planta do centro.

A mestra Mª Fontán Argibay impartirá a materia no curso 6º A, a mestra Pilar Rivas Rivas aos cursos 6º B e 6º C.

Estes alumnos e alumnas participan tamén nos Proxectos Abalar e Edixgal, e, aínda que teñen ritmo de aprendizaxes diferentes, non precisan adaptación de actividades específicas para seguir as tarefas na aula. A materia impartirase nunha sesión semanal de xeito bilingüe en inglés e galego.

A partires do mes de Outubro e ata o mes de Maio está previsto que contemos cunha auxiliar de conversa, de nacionalidade irlandesa que estará na sesión semanal da materia de Plástica e nunha sesión da materia de Lingua Inglesa en cada unha das aulas de 5º nivel semanalmente de xeito alterno.

Todo o alumnado obtivo avaliación positiva en quinto curso.

Por mor da situación excepcional da pandemia da COVID 19, esta programación ten en conta todos os posibles escenarios: presencial, semipresencial e non presencial, e tamén os contidos non desenrolados ou non suficientemente desenvolvidos durante o 3º trimestre do curso pasado.

## 2.- CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN QUE RECOLLE A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.

Na concreción curricular de centro están establecidas as contribucións de cada área ou materia a cada unha das competencias clave. Os estándares de aprendizaxe organízanse segundo a competencia que se vai desenvolver.

## Programación de Lingua Estranxeira-Inglés 2020-2021

Competencia Clave:		Comunicación Lingüística
Nivel	Área	Estándares
6º	EP	6º-EPB1.1.1 - Observa e explica aspectos, calidades e características das obras artísticas seguindo un protocolo.
6º	EP	6º-EPB1.1.4 - Recoñece materiais e recursos plásticos nas imaxes e nas composicións plásticas.
6º	EP	6º-EPB1.1.5 - Aprecia as diferenzas entre as formas xeométricas do seu contexto próximo.
6º	EP	6º-EPB1.1.6 - Analiza as posibilidades de texturas, formas, cores e materiais aplicados sobre soportes distintos.
6º	EP	6º-EPB1.2.1 - Analiza de maneira sinxela e utilizando a terminoloxía axeitada imaxes fixas atendendo ao tamaño, ao formato e aos elementos básicos (puntos, rectas, planos, cores, luz e función).
6º	EP	6º-EPB1.2.2 - Coñece a evolución da fotografía desde o branco e negro á cor, do formato de papel ao dixital, e valora as posibilidades que trae consigo a fotografía.
6º	EP	6º-EPB1.2.3 - Recoñece os temas da fotografía.
6º	EP	6º-EPB1.2.4 - Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos, analizando a posteriori a adecuación do encadramento ao propósito inicial.
6º	EP	6º-EPB1.2.5 - Recoñece o cine de animación como un xénero do cine e comenta o proceso empregado para a creación, a montaxe e a difusión dunha película de animación, realizado tanto coa técnica tradicional como coa técnica actual.
6º	EP	6º-EPB2.1.10 - Explica coa terminoloxía aprendida o propósito dos seus traballos e as características dos mesmos.
6º	EP	6º-EPB1.1.1 - Observa e explica aspectos, calidades e características das obras artísticas seguindo un protocolo.
6º	EP	6º-EPB1.1.4 - Recoñece materiais e recursos plásticos nas imaxes e nas composicións plásticas.
6º	EP	6º-EPB1.1.5 - Aprecia as diferenzas entre as formas xeométricas do seu contexto próximo.
6º	EP	6º-EPB1.1.6 - Analiza as posibilidades de texturas, formas, cores e materiais aplicados sobre soportes distintos.
6º	EP	6º-EPB1.2.1 - Analiza de maneira sinxela e utilizando a terminoloxía axeitada imaxes fixas atendendo ao tamaño, ao formato e aos elementos básicos (puntos, rectas, planos, cores, luz e función).
6º	EP	6º-EPB1.2.2 - Coñece a evolución da fotografía desde o branco e negro á cor, do formato de papel ao dixital, e valora as posibilidades que trae consigo a fotografía.
6º	EP	6º-EPB1.2.3 - Recoñece os temas da fotografía.
6º	EP	6º-EPB1.2.4 - Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos, analizando a posteriori a adecuación do encadramento ao propósito inicial.
6º	EP	6º-EPB1.2.5 - Recoñece o cine de animación como un xénero do cine e comenta o proceso empregado para a creación, a montaxe e a difusión dunha película de animación, realizado tanto coa técnica tradicional como coa técnica actual.



## Programación de Lingua Estranxeira-Inglés 2020-2021

6º	EP	6º-EPB2.1.10 - Explica coa terminoloxía aprendida o propósito dos seus traballos e as características dos mesmos.
----	----	---

Competencia Clave:		Aprender a aprender
Nivel	Área	Estándares

6º	EP	6º-EPB1.1.2 - Utiliza a observación e a percepción visual para interpretar imaxes
6º	EP	6º-EPB1.1.3 - Reflexiona sobre o proceso de elaboración dunha composición plástica.
6º	EP	6º-EPB1.2.4 - Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos, analizando a posteriori a adecuación do encadramento ao propósito inicial.
6º	EP	6º-EPB1.2.5 - Recoñece o cine de animación como un xénero do cine e comenta o proceso empregado para a creación, a montaxe e a difusión dunha película de animación, realizado tanto coa técnica tradicional como coa técnica actual.
6º	EP	6º-EPB1.2.6 - Secuencia unha historia en viñetas nas que incorpora imaxes e textos, seguindo o patrón do cómic.
6º	EP	6º-EPB1.2.7 - Realiza sinxelas obras de animación para familiarizarse cos conceptos elementais da creación audiovisual: guión, realización, montaxe, son.
6º	EP	6º-EPB2.1.1 - Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis axeitadas para as súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de forma adecuada, coidando o material e o espazo de uso.
6º	EP	6º-EPB2.1.2 - Fai composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, alegría, tristura etc.) coa axuda de diversos recursos para cada caso (claroscuro, puntos, liñas, cores etc.).
6º	EP	6º-EPB2.1.3 - Debuxa obxectos cotiáns, ideas, accións e situacións.
6º	EP	6º-EPB2.1.4 - Experimenta con materiais e texturas gráficas con creatividade e soltura.
6º	EP	6º-EPB2.1.5 - Valora os elementos e os recursos empregados para alcanzar o efecto que máis se axuste ás propias necesidades.
6º	EP	6º-EPB2.1.6 - Distingue e explica as características da cor en canto a súa luminosidade, tono e saturación, aplicándoas cun propósito concreto nas súas producións.

## Programación de Lingua Estranxeira-Inglés 2020-2021

6º	EP	6º-EPB2.1.7 - Obtén diversas texturas a partir da aplicación da cor.
6º	EP	6º-EPB2.1.8 - Executa composicións pareadas nas que aparecen as cores complementarias respectivas.
6º	EP	6º-EPB2.1.9 - Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, tamaños e cores axeitadas (paisaxe, bodegón etc.).
6º	EP	6º-EPB2.2.1 - Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.
6º	EP	6º-EPB2.2.2 - Experimenta coa superposición de planos para crear volumes.
6º	EP	6º-EPB2.2.3 - Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade.
6º	EP	6º-EPB2.2.4 - Fai obxectos tridimensionais utilizando o recorte, o encartado e o pegado de pezas de diversas formas, utilizando diversos tipos de materiais.

Competencia Clave:		Competencia Dixital
Nivel	Área	Estándares
6º	EP	6º-EPB1.2.7 - Realiza sinxelas obras de animación para familiarizarse cos conceptos elementais da creación audiovisual: guión, realización, montaxe, son.
6º	EP	6º-EPB1.3.1 - Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar, modificar tamaño, cor, brillo, contraste, ?) que lle serven para a ilustración de textos.
6º	EP	6º-EPB1.3.2 - Coñece os protocolos de actuacións para a difusión de imaxes propias ou alleas, e respecta a propiedade intelectual de cada persoa
6º	EP	6º-EPB2.4.1 - Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información e documentación para a creación de producións propias.
6º	EP	6º-EPB2.4.2 - Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar; modificar tamaño, cor, brillo, contraste etc.) que serven para a ilustración de textos.
6º	EP	6º-EPB2.4.3 - Elabora e prepara documentos propios da comunicación artística (carteis, guías ou programas).

## Programación de Lingua Estranxeira-Inglés 2020-2021

Competencia Clave:		Conciencia e expresións culturais
Nivel	Área	Estándares
6º	EP	6º-EPB1.1.1 - Observa e explica aspectos, calidades e características das obras artísticas seguindo un protocolo.
6º	EP	6º-EPB1.1.2 - Utiliza a observación e a percepción visual para interpretar imaxes
6º	EP	6º-EPB1.1.3 - Reflexiona sobre o proceso de elaboración dunha composición plástica.
6º	EP	6º-EPB1.1.4 - Recoñece materiais e recursos plásticos nas imaxes e nas composicións plásticas.
6º	EP	6º-EPB1.1.5 - Aprecia as diferenzas entre as formas xeométricas do seu contexto próximo.
6º	EP	6º-EPB1.1.6 - Analiza as posibilidades de texturas, formas, cores e materiais aplicados sobre soportes distintos.
6º	EP	6º-EPB1.2.1 - Analiza de maneira sinxela e utilizando a terminoloxía axeitada imaxes fixas atendendo ao tamaño, ao formato e aos elementos básicos (puntos, rectas, planos, cores, luz e función).
6º	EP	6º-EPB1.2.2 - Coñece a evolución da fotografía desde o branco e negro á cor, do formato de papel ao dixital, e valora as posibilidades que trae consigo a fotografía.
6º	EP	6º-EPB1.2.3 - Recoñece os temas da fotografía.
6º	EP	6º-EPB1.2.4 - Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos, analizando a posteriori a adecuación do encadramento ao propósito inicial.
6º	EP	6º-EPB1.2.5 - Recoñece o cine de animación como un xénero do cine e comenta o proceso empregado para a creación, a montaxe e a difusión dunha película de animación, realizado tanto coa técnica tradicional como coa técnica actual.
6º	EP	6º-EPB1.2.6 - Secuencia unha historia en viñetas nas que incorpora imaxes e textos, seguindo o patrón do cómic.
6º	EP	6º-EPB1.2.7 - Realiza sinxelas obras de animación para familiarizarse cos conceptos elementais da creación audiovisual: guión, realización, montaxe, son.
6º	EP	6º-EPB2.1.1 - Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis axeitadas para as súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de forma adecuada, coidando o material e o espazo de uso.
6º	EP	6º-EPB2.1.10 - Explica coa terminoloxía aprendida o propósito dos seus traballos e as características dos mesmos.

## Programación de Lingua Estranxeira-Inglés 2020-2021

6º	EP	6º-EPB2.1.2 - Fai composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, alegría, tristura etc.) coa axuda de diversos recursos para cada caso (claroscuro, puntos, liñas, cores etc.).
6º	EP	6º-EPB2.1.3 - Debuxa obxectos cotiáns, ideas, accións e situacións.
6º	EP	6º-EPB2.1.4 - Experimenta con materiais e texturas gráficas con creatividade e soltura.
6º	EP	6º-EPB2.1.5 - Valora os elementos e os recursos empregados para alcanzar o efecto que máis se axuste ás propias necesidades.
6º	EP	6º-EPB2.1.6 - Distingue e explica as características da cor en canto a súa luminosidade, tono e saturación, aplicándoas cun propósito concreto nas súas producións.
6º	EP	6º-EPB2.1.7 - Obtén diversas texturas a partir da aplicación da cor.
6º	EP	6º-EPB2.1.8 - Executa composicións pareadas nas que aparecen as cores complementarias respectivas.
6º	EP	6º-EPB2.1.9 - Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, tamaños e cores axeitadas (paisaxe, bodegón etc.).
6º	EP	6º-EPB2.2.1 - Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.
6º	EP	6º-EPB2.2.2 - Experimenta coa superposición de planos para crear volumes.
6º	EP	6º-EPB2.2.3 - Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade.
6º	EP	6º-EPB2.2.4 - Fai obxectos tridimensionais utilizando o recorte, o encartado e o pegado de pezas de diversas formas, utilizando diversos tipos de materiais.
6º	EP	6º-EPB2.3.1 - Recoñece, respecta e valora as manifestacións artísticas máis importantes do patrimonio cultural e artístico español, nomeadamente aquelas que foron declaradas Patrimonio da Humanidade.
6º	EP	6º-EPB2.3.2 - Aprecia as posibilidades que ofrecen os museos de coñecer obras de arte expostas neles e goza con elas.
6º	EP	6º-EPB2.3.3 - Coñece algunha profesión do ámbito artístico, interésase polas características do traballo de artistas e artesáns ou artesás, e goza como público coa observación das súas producións.
6º	EP	6º-EPB2.4.1 - Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información e documentación para a creación de producións propias.
6º	EP	6º-EPB2.4.2 - Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar; modificar tamaño, cor, brillo, contraste etc.) que serven para a ilustración de textos.

## Programación de Lingua Estranxeira-Inglés 2020-2021

6º	EP	6º-EPB2.4.3 - Elabora e prepara documentos propios da comunicación artística (carteis, guías ou programas).
6º	EP	6º-EPB2.5.1 - Produce obras plásticas, logo de escoller as técnicas e os instrumentos máis axeitados para conseguir unha finalidade determinada.
6º	EP	6º-EPB2.5.2 - Respecta os materiais, os utensilios e os espazos.
6º	EP	6º-EPB2.5.3 - Aмосa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo, respectando as iniciativas de cada compañeiro ou compañeira.
6º	EP	6º-EPB2.5.4 - Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos exercicios e das actividades
6º	EP	6º-EPB3.1.1 - Identifica os conceptos de horizontalidade e verticalidade, e utilízalos nas súas composicións con fins expresivos.
6º	EP	6º-EPB3.1.11 - Analiza a realidade descompóndoa en formas xeométricas básicas e trasladándoa a composicións bidimensionais.
6º	EP	6º-EPB3.1.12 - Identifica nunha obra bidimensional formas xeométricas simples.
6º	EP	6º-EPB3.1.13 - Realiza composicións utilizando formas xeométricas suxeridas polo ou pola docente.
6º	EP	6º-EPB3.1.14 - Coñece e comprende o termo de escala e é capaz de aplicalo cambiando a escala dun debuxo sinxelo mediante o uso de cuadrícula.
6º	EP	6º-EPB3.1.15 - Recoñece, clasifica e constrúe os polígonos elementais, apreciando as súas diferenzas e similitudes.
6º	EP	6º-EPB3.1.2 - Traza rectas paralelas e perpendiculares, usando o escuadro e o cartabón.
6º	EP	6º-EPB3.1.3 - Utiliza a regra considerando o milímetro como unidade de medida habitual aplicada ao debuxo técnico.
6º	EP	6º-EPB3.1.4 - Suma e resta segmentos utilizando a regra e o compás.
6º	EP	6º-EPB3.1.5 - Calcula graficamente a mediatriz dun segmento utilizando a regra e o compás.
6º	EP	6º-EPB3.1.6 - Traza círculos co compás coñecendo o raio.
6º	EP	6º-EPB3.1.7 - Divide a circunferencia en dúas, tres, catro e seis partes iguais, utilizando o material propio do debuxo técnico.

## Programación de Lingua Estranxeira-Inglés 2020-2021

6º	EP	6º-EPB3.1.8 - Aplica a división da circunferencia á construción de estrelas e elementos florais aos que posteriormente lles dá cor.
6º	EP	6º-EPB3.1.9 - Continúa series con motivos xeométricos (rectas e curvas) utilizando unha cuadrícula propia facilitada cos instrumentos propios do debuxo técnico.
6º	EP	6º-EPB3.2.1 - Coñece e aprecia o resultado da utilización correcta dos instrumentos de debuxo, e valora a precisión dos resultados.

Competencia Clave:		Matemática, ciencia e tecnoloxía
Nivel	Área	Estándares
6º	EP	6º-EPB3.1.1 - Identifica os conceptos de horizontalidade e verticalidade, e utilízalos nas súas composicións con fins expresivos.
6º	EP	6º-EPB3.1.10 - Suma e resta ángulos de 90, 60, 45 e 30 graos utilizando o escuadro e o cartabón.
6º	EP	6º-EPB3.1.12 - Identifica nunha obra bidimensional formas xeométricas simples.
6º	EP	6º-EPB3.1.13 - Realiza composicións utilizando formas xeométricas suxeridas polo ou pola docente.
6º	EP	6º-EPB3.1.14 - Coñece e comprende o termo de escala e é capaz de aplicalo cambiando a escala dun debuxo sinxelo mediante o uso de cuadrícula.
6º	EP	6º-EPB3.1.2 - Traza rectas paralelas e perpendiculares, usando o escuadro e o cartabón.
6º	EP	6º-EPB3.1.3 - Utiliza a regra considerando o milímetro como unidade de medida habitual aplicada ao debuxo técnico.
6º	EP	6º-EPB3.1.4 - Suma e resta segmentos utilizando a regra e o compás.
6º	EP	6º-EPB3.1.5 - Calcula graficamente a mediatriz dun segmento utilizando a regra e o compás.
6º	EP	6º-EPB3.1.6 - Traza círculos co compás coñecendo o raio.
6º	EP	6º-EPB3.1.7 - Divide a circunferencia en dúas, tres, catro e seis partes iguais, utilizando o material propio do debuxo técnico.

## Programación de Lingua Estranxeira-Inglés 2020-2021

6º	EP	6º-EPB3.1.8 - Aplica a división da circunferencia á construción de estrelas e elementos florais aos que posteriormente lles dá cor.
6º	EP	6º-EPB3.2.1 - Coñece e aprecia o resultado da utilización correcta dos instrumentos de debuxo, e valora a precisión dos resultados.

Competencia Clave: Sentido de iniciativa e espírito emprendedor		
Nivel	Área	Estándares
6º	EP	6º-EPB3.1.13 - Realiza composicións utilizando formas xeométricas suxeridas polo ou pola docente.

Competencia Clave: Sociais e cívicas		
Nivel	Área	Estándares
6º	EP	6º-EPB1.1.1 - Observa e explica aspectos, calidades e características das obras artísticas seguindo un protocolo.
6º	EP	6º-EPB1.3.1 - Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar, modificar tamaño, cor, brillo, contraste, ?) que lle serven para a ilustración de textos.
6º	EP	6º-EPB1.3.2 - Coñece os protocolos de actuacións para a difusión de imaxes propias ou alleas, e respecta a propiedade intelectual de cada persoa
6º	EP	6º-EPB2.3.1 - Recoñece, respecta e valora as manifestacións artísticas máis importantes do patrimonio cultural e artístico español, nomeadamente aquelas que foron declaradas Patrimonio da Humanidade.
6º	EP	6º-EPB2.3.2 - Aprecia as posibilidades que ofrecen os museos de coñecer obras de arte expostas neles e goza con elas.
6º	EP	6º-EPB2.3.3 - Coñece algunha profesión do ámbito artístico, interésase polas características do traballo de artistas e artesáns ou artesás, e goza como público coa observación das súas producións.
6º	EP	6º-EPB2.5.2 - Respecta os materiais, os utensilios e os espazos.
6º	EP	6º-EPB2.5.3 - Aмосa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo, respectando as iniciativas de cada compañeiro ou compañeira.
6º	EP	6º-EPB2.5.4 - Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos exercicios e das actividades

### 3.- CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA CADA CURSO

O obxectivo fundamental que engloba a todos os demais é mellorar a competencia lingüística e comunicativa na lingua inglesa do alumnado que participa neste proxecto de Seccións Bilingües, así como recoñecer o seu uso como vehículo de comunicación dentro da aula noutra materia diferente á de lingua estranxeira, e adquirir vocabulario específico da materia de Plástica en lingua inglesa e usalo na aula.

Outros obxectivos específicos:

- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas e prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse nos coñecementos xeométricos ( así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.)
- Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

#### OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA AUXILIAR DE CONVERSA

- Posibilitar a práctica da conversa oral en inglés.
- Proporcionar un modelo de corrección fonética e gramatical.
- Achegar ao alumnado e profesorado á cultura do seu país.



- Apoiar ó alumnado cos medios informáticos ou audiovisuais necesarios para a mellora da lingua oral.

#### 4.- CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR:

Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación e competencias clave para cada estándar.

Critério de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	C.C.
<b>Bloque 1: Educación audiovisual</b>							
EP-B1.1	6º-EPB1.1.1 - Observa e explica aspectos, calidades e características das obras artísticas seguindo un protocolo. 1.82%	Observa e explica aspectos, calidades e características das obras artísticas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CCLCC EC CSC
EP-B1.1	6º-EPB1.1.2 - Utiliza a observación e a percepción visual para interpretar imaxes. 1.82%	Utiliza a observación e a percepción visual para interpretar imaxes	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CCEC CAA
EP-B1.1	6º-EPB1.1.3 - Reflexiona sobre o proceso de elaboración dunha composición plástica. 1.82%	Reflexiona sobre o proceso de elaboración dunha composición plástica.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CCEC CAA
EP-B1.1	6º-EPB1.1.4 - Recoñece materiais e recursos plásticos nas imaxes e nas composicións plásticas. 1.82%	Recoñece algúns materiais e recursos plásticos nas imaxes e nas composicións plásticas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CCEC CCL
EP-B1.1	6º-EPB1.1.5 - Aprecia as	Aprecia algunha diferenza entre as	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos	CCEC

## Programación de Lingua Estranxeira-Inglés 2020-2021

	diferenzas entre as formas xeométricas do seu contexto próximo. 1.82%	formas xeométricas do seu contexto próximo.				alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCL
EP-B1.1	6º-EPB1.1.6 - Analiza as posibilidades de texturas, formas, cores e materiais aplicados sobre soportes distintos. 1.82%	Emprega diferentes texturas, cores, formas e materiais.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCEC CCL
EP-B1.2	6º-EPB1.2.1 - Analiza de maneira sinxela e utilizando a terminoloxía axeitada imaxes fixas atendendo ao tamaño, ao formato e aos elementos básicos (puntos, rectas, planos, cores, luz e función). 1.82%	Analiza de maneira sinxela imaxes fixas atendendo ao tamaño, ao formato e aos elementos básicos (puntos, rectas, planos, cores, luz e función).	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCEC CCL
EP-B1.2	6º-EPB1.2.2 - Coñece a evolución da fotografía desde o branco e negro á cor, do formato de papel ao dixital, e valora as posibilidades que trae consigo a fotografía. 1.82%	Coñece a evolución da fotografía desde o branco e negro á cor.		X		PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CCEC CCL
EP-B1.2	6º-EPB1.2.3 - Recoñece os temas da fotografía. 1.82%	Recoñece os temas da fotografía		X		PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea.	CCEC CCL
EP-B1.2	6º-EPB1.2.4 - Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos, analizando a posteriori a adecuación do encadramento ao	Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCEC CAA CCL

## Programación de Lingua Estranxeira-Inglés 2020-2021

	propósito inicial. 1.82%						
EP-B1.2	6º-EPB1.2.5 - Recoñece o cine de animación como un xénero do cine e comenta o proceso empregado para a creación, a montaxe e a difusión dunha película de animación, realizado tanto coa técnica tradicional como coa técnica actual. 1.82%	Recoñece o cine de animación como un xénero do cine.			X	PROCEDEMENTOS: Gravacións e análise. INSTRUMENTOS: Gravación e análise.	CCEC CCL CAA
EP-B1.2	6º-EPB1.2.6 - Secuencia unha historia en viñetas nas que incorpora imaxes e textos, seguindo o patrón do cómic. 1.82%	Secuencia unha historia en viñetas.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCEC CAA
EP-B1.2	6º-EPB1.2.7 - Realiza sinxelas obras de animación para familiarizarse cos conceptos elementais da creación audiovisual: guión, realización, montaxe, son. 1.82%	Realiza sinxelas obras de animación para familiarizarse cos conceptos elementais da creación audiovisual: guión, realización, montaxe, son.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCEC CAA CD
EP-B1.3	6º-EPB1.3.1 - Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar, modificar tamaño, cor, brillo, contraste, ?) que lle serven para a ilustración de textos. 1.82%	Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CD CSC

## Programación de Lingua Estranxeira-Inglés 2020-2021

EP-B1.3	6º-EPB1.3.2 - Coñece os protocolos de actuacións para a difusión de imaxes propias ou alleas, e respecta a propiedade intelectual de cada persoa. 1.82%	Coñece os protocolos de actuacións para a difusión de imaxes propias ou alleas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Asamblea.	CD CSC
<b>Bloque 2: Expresión artística</b>							
EP-B2.1	6º-EPB2.1.1 - Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis axeitadas para as súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de forma adecuada, coidando o material e o espazo de uso. 1.82%	Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis axeitadas para as súas creacións.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCEC CAA
EP-B2.1	6º-EPB2.1.2 - Fai composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, alegría, tristura etc.) coa axuda de diversos recursos para cada caso (claroscuro, puntos, liñas, cores etc.). 1.82%	Fai composicións que transmiten emocións básicas.	X	X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCEC CAA
EP-B2.1	6º-EPB2.1.3 - Debuxa obxectos cotiáns, ideas, accións e situacións. 1.82%	Debuxa obxectos cotiáns, ideas, accións e situacións.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCEC CAA
EP-B2.1	6º-EPB2.1.4 - Experimenta con materiais e texturas gráficas con creatividade e soltura. 1.82%	Experimenta con materiais e texturas gráficas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.  INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CCEC CAA
EP-B2.1	6º-EPB2.1.5 - Valora os	Valora os elementos e os recursos			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos	CCEC

## Programación de Lingua Estranxeira-Inglés 2020-2021

	elementos e os recursos empregados para alcanzar o efecto que máis se axuste ás propias necesidades. 1.82%	empregados para alcanzar o efecto que máis se axuste ás propias necesidades.				alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CAA
EP-B2.1	6º-EPB2.1.6 - Distingue e explica as características da cor en canto a súa luminosidade, tono e saturación, aplicándoas cun propósito concreto nas súas producións. 1.82%	Distingue e explica as características da cor atendendo aos criterios mínimos.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCEC CAA
EP-B2.1	6º-EPB2.1.7 - Obtén diversas texturas a partir da aplicación da cor. 1.82%	Obtén diversas texturas a partir da aplicación da cor.		X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCEC CAA
EP-B2.1	6º-EPB2.1.8 - Executa composicións pareadas nas que aparecen as cores complementarias respectivas. 1.82%	Emplea as cores complementarias.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCEC CAA
EP-B2.1	6º-EPB2.1.9 - Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, tamaños e cores axeitadas (paisaxe, bodegón etc.). 1.82%	Debuxa formas, figuras e elementos do contexto atendendo a uns criterios mínimos.		X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCEC CAA
EP-B2.1	6º-EPB2.1.10 - Explica coa terminoloxía aprendida o propósito dos seus traballos e as características dos mesmos. 1.82%	Explica o propósito dos seus traballos e as características dos mesmos.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CCEC CCL

## Programación de Lingua Estranxeira-Inglés 2020-2021

EP-B2.2	6º-EPB2.2.1 - Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas. 1.82%	Representa composicións volumétricas sinxelas.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCEC CAA
EP-B2.2	6º-EPB2.2.2 - Experimenta coa superposición de planos para crear volumes. 1.82%	Experimenta para crear volumes.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCEC CAA
EP-B2.2	6º-EPB2.2.3 - Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade. 1.82%	Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo.		X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCEC CAA
EP-B2.2	6º-EPB2.2.4 - Fai obxectos tridimensionais utilizando o recorte, o encartado e o pegado de pezas de diversas formas, utilizando diversos tipos de materiais. 1.82%	Fai obxectos tridimensionais utilizando o recorte, o encartado e o pegado de pezas de diversas formas, utilizando diversos tipos de materiais.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCEC CAA
EP-B2.3	6º-EPB2.3.1 - Recoñece, respecta e valora as manifestacións artísticas máis importantes do patrimonio cultural e artístico español, nomeadamente aquelas que foron declaradas Patrimonio da Humanidade. 1.82%	Recoñece, respecta e valora as manifestacións artísticas máis importantes do patrimonio cultural e artístico español.			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Posta en común.	CSC CCEC
EP-B2.3	6º-EPB2.3.2 - Aprecia as posibilidades que ofrecen os museos de coñecer obras de arte expostas nelas e goza con elas.	Aprecia as posibilidades que ofrecen os museos.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Posta en común.	CSC CCEC

## Programación de Lingua Estranxeira-Inglés 2020-2021

	1.82%						
EP-B2.3	6º-EPB2.3.3 - Coñece algunha profesión do ámbito artístico, interésase polas características do traballo de artistas e artesáns ou artesás, e goza como público coa observación das súas producións. 1.82%	Coñece algunha profesión do ámbito artístico e goza das súas producións.			X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CSC CCEC
EP-B2.4	6º-EPB2.4.1 - Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información e documentación para a creación de producións propias. 1.82%	Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información e documentación para a creación de producións propias.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Investigacións.	CD CCEC
EP-B2.4	6º-EPB2.4.2 - Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar; modificar tamaño, cor, brillo, contraste etc.) que serven para a ilustración de textos. 1.82%	Manexa algún programa informático sinxelo de elaboración e retoques de imaxes dixitais con finalidade plástica.		X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CD CCEC
EP-B2.4	6º-EPB2.4.3 - Elabora e prepara documentos propios da comunicación artística (carteis, guías ou programas). 1.82%	Elabora e prepara carteis.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CD CCEC
EP-B2.5	6º-EPB2.5.1 - Produce obras plásticas, logo de escoller as técnicas e os	Produce obras plásticas sinxelas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.	CCEC CAA

## Programación de Lingua Estranxeira-Inglés 2020-2021

	instrumentos máis axeitados para conseguir unha finalidade determinada. 1.82%					INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	
EP-B2.5	6º-EPB2.5.2 - Respecta os materiais, os utensilios e os espazos. 1.82%	Respecta os materiais, os utensilios e os espazos.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CSC CCEC
EP-B2.5	6º-EPB2.5.3 - Aмосa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo, respectando as iniciativas de cada compañeiro ou compañeira. 1.82%	Aмосa interese polo traballo individual e colabora no grupo	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CSC CCEC
EP-B2.5	6º-EPB2.5.4 - Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos exercicios e das actividades. 1.82%	Participa con interese nas actividades propostas,	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CSC CCEC CAA
<b>Bloque 3: Debuxo xeométrico</b>							
EP-B3.1	6º-EPB3.1.1 - Identifica os conceptos de horizontalidade e verticalidade, e utilízalos nas súas composicións con fins expresivos. 1.82%	Identifica os conceptos de horizontalidade e verticalidade,			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea.	CCEC CAA CMCT
EP-B3.1	6º-EPB3.1.2 - Traza rectas paralelas e perpendiculares, usando o escuadro e o cartabón.	Traza rectas paralelas e perpendiculares, usando o escuadro e o cartabón.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCEC CAA CMCT



## Programación de Lingua Estranxeira-Inglés 2020-2021

	1.82%						
EP-B3.1	6º-EPB3.1.3 - Utiliza a regra considerando o milímetro como unidade de medida habitual aplicada ao debuxo técnico. 1.82%	Utiliza a regra no debuxo xeométrico con certa precisión.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCEC CMCT
EP-B3.1	6º-EPB3.1.4 - Suma e resta segmentos utilizando a regra e o compás. 1.82%	Suma e resta segmentos utilizando a regra e o compás.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CMCT CCEC
EP-B3.1	6º-EPB3.1.5 - Calcula graficamente a mediatriz dun segmento utilizando a regra e o compás. 1.82%	Calcula graficamente a mediatriz dun segmento utilizando a regra e o compás.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.	CMCT CCEC
EP-B3.1	6º-EPB3.1.6 - Traza círculos co compás coñecendo o raio. 1.82%	Traza círculos co compás.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CMCT CCEC
EP-B3.1	6º-EPB3.1.7 - Divide a circunferencia en dúas, tres, catro e seis partes iguais, utilizando o material propio do debuxo técnico. 1.82%	Divide a circunferencia en partes.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CMCT CCEC
EP-B3.1	6º-EPB3.1.8 - Aplica a división da circunferencia á construción de estrelas e elementos florais aos que posteriormente lles dá cor. 1.82%	Aplica a división da circunferencia.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCEC CMCT CAA
EP-B3.1	6º-EPB3.1.9 - Continúa series con motivos xeométricos (rectas e curvas) utilizando unha cuadrícula propia facilitada	Continúa series con motivos xeométricos utilizando unha cuadrícula.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.  INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCEC CAA

## Programación de Lingua Estranxeira-Inglés 2020-2021

	cos instrumentos propios do debuxo técnico.						
EP-B3.1	6º-EPB3.1.10 - Suma e resta ángulos de 90, 60, 45 e 30 graos utilizando o escuadro e o cartabón. 1.82%	Suma e resta ángulos de 90, 60, 45 e 30 graos utilizando o escuadro e o cartabón.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.</p>	CMCT
EP-B3.1	6º-EPB3.1.11 - Analiza a realidade descompóndoa en formas xeométricas básicas e trasladándoa a composicións bidimensionais. 1.82%	Analiza a realidade descompóndoa en formas xeométricas básicas.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas.</p>	CCEC CAA
EP-B3.1	6º-EPB3.1.12 - Identifica nunha obra bidimensional formas xeométricas simples. 1.82%	Identifica nunha obra bidimensional formas xeométricas simples.	X	X		<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.</p>	CCEC CMCT
EP-B3.1	6º-EPB3.1.13 - Realiza composicións utilizando formas xeométricas suxeridas polo ou pola docente. 1.82%	Realiza composicións sinxelas utilizando formas xeométricas.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas.</p>	CCEC CMCT CSIEE
EP-B3.1	6º-EPB3.1.14 - Coñece e comprende o termo de escala e é capaz de aplicalo cambiando a escala dun debuxo sinxelo mediante o uso de cuadrícula. 1.82%	Coñece e comprende o termo de escala mediante o uso de cuadrícula.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.</p>	CMCT CCEC
EP-B3.1	6º-EPB3.1.15 - Recoñece, clasifica e constrúe os polígonos elementais, apreciando as súas diferenzas e similitudes.	Recoñece, clasifica e constrúe os polígonos elementais.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas.</p>	CMCET CCEC

	1.82%						
EP-B3.2	6º-EPB3.2.1 - Coñece e aprecia o resultado da utilización correcta dos instrumentos de debuxo, e valora a precisión dos resultados. 1.82%	Coñece e aprecia o resultado da utilización correcta dos instrumentos de debuxo, e valora a precisión dos resultados.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CCEC CAA CMCT

### Aprendizaxes non adquiridas no terceiro trimestre do curso 2019-2020 por mor do confinamento e obxecto de tratamento no curso 2020-2021.

#### 5º Curso:

**EPB2.2.1. Confecciona planos, e mapas simples coa axuda das ferramentas básicas, individualmente e en grupo. PLEB1.2. Comprende os puntos principais e reconece palabras e expresións coñecidas en textos orais (xogos de ordenador, peticións, instrucións) sobre temas do seu interese, expresados con claridade e que contén con apoio visual en soporte papel ou dixital. CCEC, CMCCT, CSC**

**EPB2.2.2. Utiliza e manexa os elementos que estruturan o espazo gráfico. CCEC, CMCT**

**EPB2.3.1. Representa con claro escuro a sensación espacial de composicións volumétricas. CCEC, CCL**

**EPB2.3.2. Experimenta coa superposición de planos para crear volume. CCEC, CMCT**

**EPB2.3.6. Constrúe obxectos tridimensionais. CCEC, CSIEE**

**EPB3.1.1 Coñece e usa as principais ferramentas básicas do debuxo xeométrico. CCEC, CMCCT**

**EPB3.1.2. Utiliza o trazado de rectas paralelas. CCEC, CMCCT**

**EPB3.1.3. Traza ángulos rectos, de 30 e de 60 graos utilizando as ferramentas básicas. CCEC, CMCCT**

**EPB3.1.6. Representa formas xeométricas con precisión e coa axuda da cuadrícula e as ferramentas básicas. CCEC, CMCCT**

#### Contidos:

- **B2.4. Comparación entre as formas que a representación do espazo adopta en diferentes áreas ou ámbitos, como mapas de estradas, guías, pintura de paisaxes e planos.**
- **B2.5. Construción de estruturas e transformación de espazos usando nocións métricas e de perspectiva.**
- **B2.7. Análise das formas de representación de volumes no plano segundo o punto de vista ou a situación no espazo.**
- **B2.8. Representación con distinta intencionalidade de formas abertas e pechadas, e dos límites e contornos e superficies.**

- **B3.1. Exploración das posibilidades da liña recta para iniciar os traballos de xeometría.**
- **B3.2. Seguimento de normas e das instrucións de manexo das ferramentas básicas do debuxo técnico.**

## 5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir de secuencias de adquisición de coñecementos que plantexan:

Evocación de coñecementos previos para abordar os novos contidos.

Progresiva e coidada incorporación de novos contidos, a través de exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas para o alumnado que favorecen a comprensión e posibilitan a transferencia de aprendizaxes conectando coa adquisición das Competencias propias da materia.

Ejercicios e actividades diversificadas secuenciadas por niveis de dificultade, que contemplan Competencias e Intelixencias múltiples: traballo individual e en grupo e actividades que traballan contidos fundamentais.

Buscarase o desenvolvemento da expresividade e a creatividade na produción de obras ou traballos por parte do alumnado, que serán expostos en espazos comúns do centro. Ademais, impulsarase a imaxinación, a autonomía, a percepción, a motricidade, a sensibilidade estética, a expresión persoal, a capacidade comunicativa e a socialización, etc.

Programaranse proxectos colaborativos co uso das novas tecnoloxías, facendo fincapé na creación de produtos reais que teñan efecto na comunidade educativa.

## 6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

A materia impártese nunha sesión semanal.

Os materiais a empregar serán primeiramente os de uso cotiá e que xa teñen como obxectos comúns na aula: lapis, rotuladores, pegamentos, tesoiras, ceras, regra, cartabón, escuadra, compás e tamén outros materiais para ir facendo actividades manipulativas, como xornais ou revistas para facer recortes, e papel de diferentes texturas (papel charol, papel cebola, cartolina...) para facer composicións.

Tamén se usarán materiais reais sacados do entorno, como follas secas ou materiais de refugallo como rolos de cartón de papel de cociña ou obxectos comúns nas

Programación de Lingua Estranxeira-Inglés 2020-2021

---

casas como botóns, paliños ou cachos de tela.

De cando en vez, reproducirán algún cadro , axeitado ás súas destrezas, dalgún/dalgunha pintor/a para que se vaian familiarizando cos nomes de pintores e pintoras e coñezan algunha das súas obras.

Aproveitarase esta materia tamén para facer actividades relacionadas coas conmemoracións celebradas ao longo do curso, no centro como o Nadal ou a Pascua, entre outras así como tamén tentarase participar nos distintos Proxectos que vaian xurdindo, tanto de centro como de nivel, ao longo do curso escolar.

Non hai libro de texto para contribuir a que os rapaces e as rapazas asocien esta materia con algo lúdico, espontáneo e aberto.

Os materiais para explicar e/ou practicar os contidos serán proporcionados pola profesora que imparte a materia ben elaborados por ela mesma, coa colaboración da auxiliar de conversa ,ou ben por recompilación de distintos recursos a través de diferentes editoriais, páxinas web, Edixgal, Proxecto Abalar,...

O alumnado non se desprazará á aula de inglés nin ao laboratorio como en anos anteriores, seguindo o protocolo antiCovid quedarán na súa aula de referencia.

Dado a excepcionalidade da situación actual, estes son os recursos previstos para os 3 posibles escenarios: Presencial, semipresencial e non presencial.

De xeito presencial, usaranse materiais audiovisuais en tódalas sesións, tanto para a visualización de vídeos, apoio das explicacións e reforzo e práctica dos distintos contidos. Realizarán os seus debuxos nas láminas, cartolinas....ou, de ser o caso, a través de medios audiovisuais coas tablets Edixgal que teñen ou con outros medios se así se lles demanda.

Non presencial- cando se produza algún caso de confinamento por parte do alumnado, tanto preventivo como por recuperación de enfermidade, empregárase Edixgal como medio para comunicarse co alumnado e para recibir ou solicitar as distintas tarefas a realizar e para entregar as correccións ou indicacións pertinentes. Cando estea en funcionamento a aula virtual, usarase tamén e así mesmo igual que durante o estado de alarma, publicarase no blog de inglés e/ou no blog do respectivo nivel, os vídeos indicativos ou explicativos e tamén as actividades on line a facer por parte do alumnado.

Semipresencial é unha mestura das dúas modalidades anteriores que se implantará cando parte do alumnado está acudindo regularmente á aula e a outra parte teña que permanecer nas súas casas.

## 7.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Ver concreción curricular do centro.

## 8.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Ver concreción curricular do centro.

## 9.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Ver concreción curricular do centro. Plan específico de recuperación para alumnado que promocióne con algunha área con cualificación negativa.

No curso 2020-2021 non hai alumnado procedente de 5º curso coa materia pendente.

## 10.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

Nas primeiras semanas do inicio do curso levarase a cabo unha avaliación inicial do alumnado para determinar o seu coñecemento da lingua inglesa de xeito oral e escrito.

Farase a través da observación directa dentro da aula con xogos e actividades lúdicas, representacións orais e tamén mediante probas escritas, fichas con actividades de repaso, algunhas delas dirixidas e outras non, para coñecer o grao de adquisición de contidos e competencias clave que o alumnado adquiriu no curso pasado.

A avaliación contará con actividades de comprensión oral e escrita e de expresión oral e escrita.

Tamén se farán actividades de tipo oral: “pregunta-resposta”.

Os resultados serán o punto de partida do presente curso e indicarán se é preciso reforzar, lembrar ou mesmo volver sobre vocabulario e estruturas non adquiridas do curso anterior.

Unha vez obtidos os resultados da avaliación inicial farase unha reunión co resto do profesorado do curso para tomar as medidas que se levarán a cabo durante o curso.

## 11.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Aplicarase o Plan de atención á diversidade do centro que ten como obxectivo adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades do alumnado de diversa procedencia, idade, sexo, relixión, etnia, medio social, estilos familiares, clase, cultura, capacidade, estilos e ritmos de aprendizaxe,... alumnado con neae – alumnado procedente do estranxeiro, alumnado con necesidades educativas especiais (altas capacidades, espectro autista, DEA, dificultades na expresión oral, atraso na linguaxe ou trastornos na linguaxe, THDA, trastorno de conduta, discapacidade cognitiva, motórica ou sensorial,...), alumnado pertencente a familias con composición diversa,...

## 12.-CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO.

Traballaremos:

Na práctica docente diaria así como en tódalas actividades levadas a cabo dentro da aula, promoveranse actitudes tolerantes, de resolución de conflitos, respecto á diversidade das diferenzas, igualdade entre os sexos...

Ademais dos temas e vocabulario incluídos no currículo da materia, tamén traballaremos tradicións da nosa cultura como o Entroido, o Magosto...e outras conmemoracións xerais recollidas na Programación Xeral Anual : Día dos Dereitos Humanos, Día Internacional da Muller, Día Universal da Infancia...ou outras relativas ao medio ambiente ( Día Mundial do Medio ambiente, Día da Auga..) ou valores (Día da Paz).

## 13.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS .

Tendo en conta a situación da Covid19 , e namentres non o permitan as condicións sanitarias non se farán actividades complementarias e extraescolares. No hipotético caso de que a situación se normalizase durante o curso escolar, tentaríase complementar o currículo da materia con algunha actividade, como visitas a museos ou exposicións.

Fariase durante o horario escolar ,dentro ou fóra do centro, para posibilitar que todo o alumnado poidese asistir sen ter problemas de desprazamento.

## 14.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Esta programación está feita no inicio do curso e deseñada a priori, como unha declaración de intencións susceptible de ser revisada e modificada nalgún punto ao longo dos meses segundo evolucione o alumnado ou dependendo doutras circunstancias que poidan ir xurdindo.

A avaliación partirá dos coñecementos e será continua e global. Terase en conta o progreso do alumnado a partir da avaliación inicial.

Analizando os resultados académicos acadados polo alumnado, verase se é preciso volver ou non sobre os contidos, revisar a adecuación da metodoloxía nun determinado grupo ou nivel ou deseñar estratexias para incentivar a motivación do alumnado cara a lingua inglesa e a participación activa nas



actividades diarias da aula.

O obxectivo primordial da actividade do auxiliar de conversa é lograr que o alumnado adquira a suficiente competencia lingüística en inglés para entender e comunicarse cos compañeiros e compañeiras e coa profesora e tamén coa auxiliar de xeito oral empregando vocabulario e estruturas axeitadas á súa idade e nivel .O logro deste obxectivo será observado de modo continuado e a súa avaliación farase tendo en conta a melloría dos nenos e nenas na comunicación oral tanto á hora de entender como de producir mensaxes na lingua inglesa.

A medida que avance o curso a competencia comunicativa do alumnado no uso da lingua inglesa deberá ir en progresión e han de ser quen de producir de xeito espontáneo mensaxes dentro da aula relativas a actividades que se realizan nela en inglés, tales como demandar información, pedir prestado, pedir permiso para facer algunha actividade...

## 15. CONSIDERACIÓNS A TER EN CONTA NA MODALIDADE DE EDUCACIÓN NON PRESENCIAL NO SUPOSTO DE POÑER EN MARCHA O PLAN DE CONTINXENCIA, ANEXO AO PLAN DE ADAPTACIÓN Á CRISE PROVOCADA POLA COVID.

- O profesorado traballará co alumnado a través da aula virtual e os blog de nivel e especialidades. O traballo proporase con metodoloxía integrada ou globalizadora.
- As tarefas propoaraas o profesorado a través da aula virtual ou dos blog educativos, o alumnado utilizará eses medios para a devolución e entrega das mesmas.
- As actividades na aula virtual e blogs de nivel colocaranse coordinadamente entre o profesorado de nivel tendo presente unha adecuada temporalización. Serán actividades o máis globalizadas posible tanto en aula xeral como nos ámbitos. Diseñaranse propostas integradas multinivel entre áreas/materias/ámbitos a partir dunha temática de interese (actualidade, relacionadas cos proxectos, conmemoracións,...), a globalización será a idea prioritaria e promoverase o traballo colaborativo entre o profesorado das distintas áreas/ámbitos e materias. Tentarase que as propostas aparezan dosificadas por días/semanas.
- Combinaranse actividades virtuais e non virtuais: traballos prácticos de experimentación, resolución de problemas, busca de información, xogos, textualizacións, esquemas e resumos, lectura, contestación de preguntas, cuestionario, resolución de operacións, elaboración de vídeo/presentación/fotos/..., exercicios de completar, manexo de..., visionado de vídeos, escoita de información/contos, formulación de preguntas, debuxo, composición... Usaranse actividades con formatos variados: pdf, vídeos, textos de word, imaxe, ...

- O noso alumnado non é autónomo na súa aprendizaxe e precisa de acompañamento, contacto, estratexias didácticas concretas, autocontrol da concentración, interacción cara a cara, ... As accións deseñadas terán en conta as limitacións de recursos do alumnado e das súas familias. Por este motivo non consideramos a opción de realizar videoconferencias con docencia co alumnado, si a posibilidade de usar este medio para a comunicación, aclaracións, comentarios e o mantemento de contactos.
- A avaliación será continua e global, terá en conta as actividades e traballos realizados polo alumnado ademais dos resultados. Os instrumentos de avaliación permitirán determinar o nivel competencial do alumnado en cada área ou materia.

Especialista de Lingua Estranxeira-Inglés